

2.-Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

a) Identifique a figura 1 e describa a información representada na mesma

b) Analice os diferentes tipos de turismo por áreas xeográficas.

c) Indique a incidencia económica do sector turístico en España e en Galicia.




Figura 1. Fonte: IGN

2.- Atendendo aos documentos, conteste

a) Identifique a figura 1 e describa a información representada na mesma (1 punto).

A figura 1 é un mapa temático con dúas variables representadas. Mediante coropletas represéntase a porcentaxe de ocupados no sector turístico respecto ao total da ocupación en cada Comunidade Autónoma. Con símbolos proporcionais o número absoluto de ocupados en cada Comunidade Autónoma (en milleiros).

b) Analice os diferentes tipos de turismo por áreas xeográficas

O turismo en España concéntrase en determinadas áreas, con factores de atracción ben distintos:

1. A área de costa, que inclúe tanto o litoral mediterráneo (Costa do Sol, Costa Cálida, Costa Branca) e algunhas zonas do Atlántico (Costa da Luz, Costa Verde...). O noso Estado conta con excelentes praias e son as CCAA da área mediterránea (Cataluña, Valencia, Baleares e Andalucía) as que teñen maior oferta.

2. Outro tipo de turismo é o turismo histórico-cultural, concentrado en comunidades con riquezas

específicas en **lugares declarados patrimonio da humanidade**: Granada e Córdoba no interior andaluz, Toledo en Castela-A Mancha, Segovia en Castela-León, Santiago de Compostela en Galicia. Son **ciudades medianas** que ofrecen importantes atractivos nas súas zonas históricas.

3. **Áreas de turismo preferentemente invernal**, concentradas en distintos **sistemas montañosos**, con exemplos nos Pireneos e no Sistema Penibético.

4. **Áreas de turismo rural**, explotando a **natureza e a diversidade paisaxística** para múltiples **actividades de sendeirismo**, achega á **cultura tradicional e coñecemento dos espazos naturais preservados**.

c)Indique a incidencia económica do sector turístico en España e Galicia.

As **repercusións económicas** do sector turístico en España e Galicia inclúen:

- ✓ A **creación dunha serie de empregos** no sector turístico -que non obstante, están **sometidos á estacionalidade** da demanda- e **na construción**.

- ✓ Unha certa **inestabilidade** asociada á **evolución da economía internacional**: **aumenta** en períodos de **crecemento económico**, pero a chegada de turistas **vese freada** en **fases de crise** ou en momentos de inseguridade internacional.

- ✓ Trátase dunha **actividade moi importante para o emprego e o PIB** español e galego, debido ao **efecto multiplicador na economía**. De aí as políticas de desenvolvemento e fomento do turismo por parte das institucións. Ademais, os **ingresos** por turismo serven para **equilibrar a balanza de pagamentos** do Estado.

- ✓ No **caso galego** a maior parte do turismo **procede do territorio español**. Debido á **extensión da costa** e á **riqueza do patrimonio artístico e cultural**, Galicia tamén ofrece **varios tipos de turismo** (de sol e praia, cultural, rural, termal...). Destaca a **importancia do Camiño de Santiago**.

- ✓ Pola contra, a **concentración territorial da oferta turística** **pode causar problemas de índole económico** como a **especulación co solo**, os **altos prezos das vivendas**, os **custos dos servizos** dimensionados para **fortes incrementos de poboación en certos períodos** (infraestruturas, tratamento de residuos, sanidade, subministros...), así como a **presión sobre o espazo rural** que pode fomentar o **abandono das actividades agrarias**.